

Resolución do 13 de novembro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se aproban e se fan públicas as listas definitivas dos resultados da proba de coñecementos.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDOU:

Primeiro: Recepción de alegación.

Publicada a lista provisional de resultados da proba de coñecementos na páxina web de Seaga, foi presentada unha alegación á mesma. Dita alegación corresponde á pregunta número 60, reiterando que a pregunta está fóra do temario, e cuestiona as operacións aritméticas, polo que solicita copia do seu exame. En canto á primeira parte, esta alegación non se acepta; e respecto da segunda, confírmase que o resultado é correcto, e facilítaselle copia ó aspirante da súa proba.

Segundo: Aprobar as listas definitivas dos resultados da proba de coñecementos.

De conformidade co establecido na base oitava, acordou aprobar as listas definitivas de resultados da proba de coñecementos pertencente ao proceso de selección, na que se relacionan os aspirantes que superan a proba de coñecementos, e acceden á fase de valoración de méritos

Terceiro: Facer pública as listas definitivas dos resultados da proba de coñecementos.

De conformidade co establecido na base oitava, acordou facen públicas as listas definitivas de resultados da proba de coñecementos pertencente ao proceso de selección que figuran como Anexo á presente resolución.

Segundo a base oitava.1, a proba cualifícase de 0 a 60 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para superar esta fase.

Os candidatos relacionados en dito anexo acceden á fase de Valoración de méritos.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

A handwritten signature in blue ink, consisting of several fluid, overlapping strokes.

Martín Martínez Abal

Presidente da Comisión